

PLENO EXTRAORDINARIO URXENTE DO CONCELLO DE MUROS

Data: 19 de decembro de 2018.

Hora de comenzo: 20,30 h

Hora de remate: 21h.

ASISTEN:

Alcaldesa: Dna M^a Xose Alfonso Torres

Concelleiros/as:

Jose Manuel Quintela Fwrnandez (CxM)

D Jose Antonio Uhía Martínez (CxM)

Dna Inés Monteagudo Romero (PP)

Jose Vázquez Rama. (PP)

Jose Angel Hermida Simil (PP)

Dna Cardidad González Cerviño (PSOE)

Dna Sandra Maneiro Pais (PSOE)

Dna M^a del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D Manuel María García Fernández (BNG)

Dna Paula Simil Mayo (BNG)

Ausentes: Dna Alianza Uhía Patiño (PP)

D Enrique Riomayor Caamaño (PSOE)

Secretaria en acum: Rosa Ana García Fernández.

I.- RATIFICACIÓN URXENCIA DA CONVOCATORIA.-

A sra Alcaldesa explica que a urxencia na convocatoria ven motivada por non ter os proxectos completos a tempo para facer unha sesión doutro tipo e ademais o prazo dadopola Deputación Provincial para presentar a solicitude remata mañá.

Sen xerarse debate, o Pleno por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia da convocatoria.

2.- POS 2019.-

A Alcaldesa explica brevemente o contido da proposta de solicitude POS 2019.

Inicia o debate a voceira do G.m. do PP, Sra Monteagudo” O que vemos ano tras ano é que o excepcional é o ordinarioxa que este Pleno convocouse a menos de 24 h de rematar o prazo do POS . No Pleno de outubro fixemos un rogo pedindo que convocase a Xunta de Voceiros para a primeira semana de novembro e non foi así. Presentamos tamén unha mociónpedindo que se incluíran no POS unhas obras, Camino Real, Recollida de augas pluviais en Abelleira, Obras no Campo de fútbol, etc.

Dinos que non convocou a Xunta de Voceiros porque estaba esperando os proxectos e informes e que a convocaría cando estivesen. Así chegamos á Xunta de voceiros de fai uns días, convocada para as 7 da tarde e nela dannos unha folla con cinco líneas.

Unha vez máis queda vostede en evidencia, sra Alcaldesa, por non dicir a verdade en non saber onde está. “

A continuación intervén a voceira do gm do PSOE, Sra González: “ Consideramos tamén que a forma de tramitar o Plan é irregular pero non vamos a desdicirnos xa que pese a que non estamos de acordo con que se traían as obras con tan pouco tempo, son necesarias. Gustaríanos que todas as parroquias tiveren unha obra pero non dan os números. Cremos que unha das obras podería facerse con menos custo pero comoa Comision informativa foi celebrada con tan pouco tempo, non hai forma de modificar nada. Temos a disponibilidad dos terreos? “

A Sra Alcaldesa entrégalle copia dos Anexos VI das obras, manifestando a Sra González que quere que conste en acta que nons e conta coa disponibilidad dos terrenos ao ter que contar, segundo informes técnico e xurídico, con permisos de Costas e Augas de Galicia.

Continúa a Sra González: “ Son obras urxentes e interesantes, a do Ríod e Valdexería e urxente e parécenos boa decisión tratar de solucionar os problemas con Augas de Galicia, pero é un motivo de desconfianza non ter a disponibilidad de terrenos e se non chega a tempo podería perderse a subvención. Este requisito podería terse realizado con tempo e tramitado os permisos antes. O informe técnico di que discurre por terrenos públicos pero só sabemos que fixo unha reunión con vecinos da zona que teñen polo menos a posesión de terrenos alí. Votaremos a favor aínda que nos gustaría que a cuantía do POS fose maior.”

Intervén o voeiro do gm BNG, Sr García” Estando de acordo coas obras non o estamos ocas formas con que se traen aquí. Houbo tempo de sobra para facer as cousas ben. Tanto na Xunta de voceiros como fora dela propuximos, e non se nos fixo caso,rematar a obra do Cine París. Ademáis aínda que en tema de saneamento se adianta moito, cométese un agravio comparativo ca parroquia de Abelleira.É preciso acabar o saneamento dos lugares plantexados pero tamén o é sanear a Praia que é a principal productora de marisco deste Concello. Pedimos que neste Plan fora a obra de depuración e saneamento integral para Abelleira e cremos que se perde unha boa oportunidade. Estamos de acordo cas obras pero como non se tivo en conta as nosas propostas, absterémonos”.

Intervén a continuación a Sra Alcaldesa: “ Os proxectos están completos e cargados na plataforma da Deputación . En canto a disponibilidad de terrenos, volveuse a revisar onde vai a tubería e indícanme que todo é público. Tivemos unha reunión cos vecinos/as por se houbera que tocar algo privado en zonas moi estreitas e ven bastante xente que se amosou dacordo.

As autorizacións e permisos de Costas e Augas xa están solicitadas, e non se pediron antes porque non tiñamos os proxectos.-“

Volve a intervir Dna Inés Monteagudo: “É unha pena que este POS teña menor cuantía para este Concello que o ano anterior. Imos a votar a favor, sendo conscientes de que falta moito por facer.”

Dna Caridad Gonzáles manifesta: “ Efectivamente as obras de saneamento son benvidas neste Concello . Faltan autorizacións de Costas e Augas, e se non se consiguen esas autorizacións e se perde a obra, será pola súa culpa.”

D Manuel M García intervén: “É bo completar tramos de saneamento pero é importante facer tamén un saneamento integral como o de Abelleira e o certo ´é que esta parroquia sempre queda fóra. Non votaremos en contra porque non estamos en contra de ningunha obra, pero absterémonos polo agravio con Abelleira.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno, cos votos a favor de CxM(3), PP(3) e PSOE(3), e a abstención do BNG(2), ACORDA:

I.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	61.573,02	0	61.573,02
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
Subtotal pago a provedores	61.573,02	0	61.573,02

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0
Subtotal gasto corrente	0

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS	269.558,62	0,00€	269.558,62

EN FREIXEIRO. ESTEIRO			
Subtotal investimentos achega provincial 2019	269.558,62	0,00€	269.558,62
ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS EN VALDEXERIA, SERRES	175.378,12	1.573,02	176.951,14
Subtotal investimentos achega provincial 2018	175.378,12	1.573,02	176.951,14

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo	Achega	Orzamento total
	Deputación	Concello	
MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS NO CAMIÑO REAL. SERRES	148.086,16	24.823,99	172.910,15
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	148.086,16	24.823,99	172.910,15

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
BBVA	0182-5947-0895-45491941	37.044,67
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		37.044,67

E) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018	61.573,02	0
	Achega 2019	0	0

B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	0	0	0
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019	269.558,62	0	269.558,62
	Achega 2018	175.378,12	1.573,02	176.951,14
	Préstamo 2019	148.086,16	24.823,99	172.910,15
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	37.044,67	0	37.044,67
TOTAL	Achega 2019	269.558,62	0	269.558,62
	Achega 2018	236.951,14	1.573,02	238.524,16
	Préstamo 2019	185.130,83	24.823,99	209.954,82
	TOTAL	691.640,59	26.397,01	718.037,60

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS HIDRAÚLICAS EN ARRIBA E AVESADA. SERRES	176.919,55
TOTAIS	176.919,55

3.- Declarar que o concello ten, para a execución dos investimentos, a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumbres da forma indicada nos Anexos VI de cada obra, e ten resolto o en vías de resolución (constan formuladas solicitudes para determinadas obras) o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Non existindo máis asuntos dos que tratar, pola Sra Alcaldesa levántase a sesión. Do tratado nela, Dou Fe.

Vº e prce

O Alcaldesa